

**ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO (20.04.2016)****1. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: SUBVENCIÓN DO COLEXIO**

Ante a próxima renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil que este colexio vai contratar a partir do 01.07.2016 coa aseguradora Allianz, por mediación de Aon Gil y Carbajal e o Consejo General de la Abogacía Española, e tendo en conta a subida das primas pola alta sinistralidade de exercicios anteriores, a Xunta de Goberno acordou incrementar a parte que subvenciona o colexio en 12.000 euros, **pasando de 18.000 a un total de 30.000 euros**. Esta subvención repartirase entre todos os colexiados dados de alta na dita póliza.

Nunha próxima circular informarase detalladamente das condicións e das coberturas desta póliza, que resumidamente serán as seguintes:

- Cobertura: 315.000 €
- Prima por colexiado asegurado: 335 € anuais. Sobre esta prima descontarase a subvención do colexio, que será 30.000 € anuais para repartir entre todos os asegurados.
- Franquía: 1.500 €
- Anualidade: 01.07.2016 a 31.06.2017
- Subvención do colexio: 30.000 €
- Aseguradora: Allianz

2. SERVIZO DE GARDA DE ASISTENCIA AO DETIDO

Debido ás últimas queixas recibidas neste colexio por parte das autoridades policiais e xudiciais referidas a que hai letrados do servizo de garda e asistencia ao detido que non teñen os teléfonos de garda operativos as 24 horas que dura a garda, a Xunta de Goberno acordou reiterar a todos os letrados que están de alta no dito servizo a súa obriga de estar localizables e manter os teléfonos de garda operativos as 24 horas en que prestan este servizo, xa que, no caso contrario e cando non se poida xustificar a causa de tal incumprimento, serán dados de baixa deste servizo por un período de ata dous anos.

3. ASEMBLEA TERRITORIAL DA MUTUALIDAD DE LA ABOGACÍA

O vindeiro luns, 9 de maio, ás 20.00 h, terá lugar nas dependencias do Colexio a asemblea territorial previa á asemblea xeral da Mutualidad de la Abogacía Española.

Día: luns, 9 de maio

Hora: 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago



4. SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO EN MATERIA DE VIVENDA

Unha vez finalizado o prazo de inscrición para incorporarse á lista específica deste servizo, aprobáronse un total de 105 solicitudes de alta.

Tal e como estaba previsto, na xunta de goberno do 20.04.2016 realizouse o sorteo para determinar o apelido polo que empezará a funcionar esta lista. Unha vez elaborada, esta lista enviarase nos vindeiros días por correo electrónico a todos os letrados dados de alta neste servizo. Tamén se enviará o material facilitado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo para prestar este servizo.

Este servizo iniciárase a partir do mércores 4 de maio (o día asignado a cada letrado figura na lista que se enviará por correo electrónico).